

PROGRAMA DE ACTOS

DÍA DA CULTURA CHAIREGA**NO XIII CABODANO DO PASAMENTO DE MANUEL MARÍA**

Concerto musical a cargo do grupo “A BANDA DA LOBA”

Entrega da placa de Socio de Honra do Iescha ao escultor chairego VÍCTOR CORRAL

Venres, 8 de setembro de 2017 **20:30 H****NO AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA**

DÍA DA CULTURA CHAIREGA
XIII CABODANO DO PASAMENTO DE
MANUEL MARÍA
VENRES, 8 DE SETEMBRO DE 2017
AS 20:30 HORAS AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA

PROGRAMA
ACTUACIÓN MUSICAL A CARGO DO GRUPO
A BANDA DA LOBA

ENTREGA DA PLACA DE SOCIO DE HONRA DO IESCHA A
VÍCTOR CORRAL
ESCULTOR CHAIREGO

Organiza Colabora

Como cada mes de setembro por estas datas, e dende vai xa para trece anos, o Instituto de Estudos Chairegos-IESCHA, organiza un acto -incluído dentro do convenio suscrito coa Deputación de Lugo- que, coa denominación xenérica de **Día da Cultura Chairega**, pretende lembrar ao noso gran poeta **MANUEL MARÍA**, do que se cumpren trece anos do seu falecemento.

Dende a primeira edición, teñen pasado grupos e cantantes tan senlleiros como Milladoiro, A Quenlla, Vichelocrego, Xarín, Buxos Verdes, Uxía, Os D'Abaixo, A Banda de Musica de Vilalba, A Coral Polifónica Vilalbesa; proxectado películas coma a do chairego Jorge Coira, “18 Comidas”; realizado recitais poéticos ou dramatizacións de obras de Manuel María; conferencias, mesas redondas, presentacións de libros, etc. Este ano 2017, o Iescha invita a todas as persoas interesadas a asistir ao acto de homenaxe que terá lugar o vindeiro venres día 8 de setembro, ás 20:30 horas, no Auditorio Municipal de Vilalba, con entrada totalmente **libre e gratuíta**.

O **PROGRAMA** está conformado da seguinte maneira:

-GRAN CONCERTO MUSICAL A CARGO DO GRUPO A BANDA DA LOBA

-ENTREGA DA PLACA E DIPLOMA DE SOCIO DE HONRA DO IESCHA AO ESCULTOR CHAIREGO VÍCTOR CORRAL

A BANDA DA LOBA

Integrada por cinco mulleres que decidiron unir as súas traxectorias individuais para dar voz a este novo proxecto, destaca a creación dun repertorio propio baseado tanto en letras da súa autoría como en musicalizacións de poetas como Celso Emilio ou Manuel María ou outros textos tomados dos poemarios de poetas máis novas como Rosalía Fernández Rial ou Celia Parra.

O seu primeiro traballo discográfico sairá á luz a finais deste 2017 baixo o título "Bailando as rúas".

Xénero

Ecléctico no plano estilístico musical



Compoñentes da banda

Xiana Lastra (voz), Estela Rodríguez (violín), Andrea Porto (guitarra e baixo), Inés Mirás (guitarra e teclado) e Marcela Porto (percusión)

VÍCTOR CORRAL

Víctor Corral Castro, naceu en Baamonde (Begonte), o 14 de setembro de 1937. Empezou a facer esculturas no monte, coas rochas, cando era neno e coidaba as vacas. Realizou estudos primarios e traballou no campo. Tras dous anos de estudos na Escola de Artes na Coruña e outros dous na Escola da Lonxa de Barcelona, montou o seu primeiro obradoiro en 1963. Tres anos máis tarde facía a súa primeira exposición na Cidade Condal. Despois dalgunhas exposicións en España e no estranxeiro, comezou a construír a súa Casa museo na súa parroquia nata de Baamonde, onde ten esculturas de pedra e bronce no xardín, e de madeira, marfil, bronce e miniaturas de luxo no interior. Na igrexa parroquial de Baamonde hai un castiñeiro centenario coa Virxe do Rosario tallada no interior (cabem 4 persoas). En 2015 foi nomeado fillo predilecto do Concello de Begonte. Ademais dunha gran colección de esculturas que se atopan por todo o mundo e en man de particulares, realizou máis de 20 monumentos en granito e bronce que se encontran en espazos naturais en Galicia e Zamora.

